

Mércores, 17 de xullo de 2019

Núm. 136

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIBADUMIA

Recadación

COBRANZA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA (IBI URBANA) E IMPOSTO SOBRE BENS DE NATUREZA RÚSTICA (IBI RÚSTICA), EXERCICIO 2019

APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN DO IBI URBANA E DO IBI RÚSTICA, EXERCICIO 2019

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data **1 de xullo de 2019** o Padrón do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana (IBI URBANA) e o Padrón do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza rústica (IBI RÚSTICA) correspondente ao **exercicio 2019**, estará a disposición do público nas oficinas municipais, durante o prazo de **15 días** contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003, de 17 de decembro. Durante o devandito prazo os interesados/as poderán examinalo e presentar recurso de reposición ante o Sr. Alcalde no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública do Padrón.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade do disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, en relación co establecido nos artigos 23 o 25 do Real Decreto 939/2005 do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e o artigo 62 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, ponse en coñecemento dos contribuíntes afectados, que o prazo de ingreso en período voluntario do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana (IBI URBANA) e do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza rústica (IBI RÚSTICA) correspondente ao ano 2019 será o comprendido entre o **15 de xullo e o 20 de outubro do 2019**, ambos inclusive, no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora. Para os recibos domiciliados a data de cargo en conta será o día 10 de agosto de 2019.

O Imposto deberá pagarse a través das seguintes entidades colaboradoras ABANCA e BANCO SABADELL.

Transcorrido o prazo voluntario, os débitos impagados serán esixidos polo procedemento executivo, e devindicarán as recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se xeren, de conformidade co establecido nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O alcalde-presidente

David José Castro Mougán

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: C169PVQ761J5P111

